



Decreto ----/----, do -- de ----- , polo que se crea a Mesa de coordinación do control da cadea alimentaria

O artigo 43 da Constitución Española recoñece o dereito á protección da saúde, establecendo que corresponde aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través das medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios. Así mesmo, no seu artigo 51 establece que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo a seguridade e saúde destes.

Pola súa banda, o Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no Título Segundo o réxime de competencias da Comunidade Autónoma. Relacionadas cos controis na cadea alimentaria cabe sinalar as competencias en materia de pesca, acuicultura e marisqueo, (artigo 27.15); as competencias en materia de sanidade interior, (artigo 33); a competencia exclusiva en agricultura e gandería, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, (artigo 30.I.3); a competencia exclusiva en materias relacionadas coa defensa do consumidor e usuario, todo isto sen prexuízo da política xeral de prezos e de lexislación sobre a defensa da competencia, (artigo 30.I.4).

En execución do mandato constitucional o Real Decreto Legislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, nos seus artigos 9º e 15º, atribúe aos poderes públicos o deber de adoptar cantas medidas sexan convenientes para protexer e defender os dereitos dos consumidores, especialmente no que fai referencia á saúde e seguridade así como ao dereito a unha información clara e veraz sobres os diferentes bens, e a Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, no seu artigo 18.10 ordena aos órganos competentes das Administracións Públicas desenvolver as actividades necesarias para o control sanitario e a prevención dos riscos para a saúde derivados dos produtos alimenticios. Nesa mesma liña, o artigo 11 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, establece como dereitos básicos dos consumidores a protección fronte aos



riscos que poidan comprometer a súa saúde ou seguridade derivados das relacións de consumo así como o dereito a unha información clara, veraz e transparente sobre os diferentes bens, produtos e servizos.

Pola súa banda, a Unión Europea efectuou neste campo unha reforma lexislativa que comeza co Regulamento (CE) nº 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, que considera que a execución das políticas públicas debe asegurar un elevado nivel de protección da vida e a saúde das persoas e que a libre circulación de alimentos seguros e saudables é un aspecto esencial do mercado interior e contribúe de xeito significativo á saúde e benestar dos cidadáns, así como aos seus intereses sociais e económicos, engadindo que só pode conseguirse a libre circulación de alimentos e pensos dentro da Comunidade se os requisitos de seguridade alimentaria non difiren significativamente dun Estado membro a outro e os sistemas de control oficial establecidos para garantir a implementación de ditos requisitos resultan equivalentes.

O Regulamento (CE) nº 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, establece os requisitos que deben cumprir os sistemas de control oficial dos Estados membros, co fin de velar que se cumpran a lexislación sobre pensos e alimentos e a normativa sobre saúde e benestar dos animais e facer o correspondente seguimento e verificar que os explotadores de empresas alimentarias cumpren os requisitos pertinentes de ditas normas en todas as etapas da produción, a transformación e a distribución. Asemade, establece que, para conseguir un plantexamento global e uniforme dos controis oficiais, os Estados membros deben establecer e aplicar plans nacionais de control plurianuais de acordo cunhas directrices amplas elaboradas a nivel comunitario.

En cumprimento do establecido no dito Regulamento (CE) nº 882/2004, elaborouse o Plan nacional de control oficial da cadea alimentaria en España, no que se describen as actividades de control oficial a realizar ao longo de toda a cadea alimentaria, dende a produción primaria ata os puntos de venda ao consumidor final, e se recolle quen son as autoridades competentes en cada caso. O obxectivo é asegurar que os controis abarquen todos os sectores e todas as etapas da cadea de



produción de pensos e alimentos, incluíndo os aspectos relacionados coa seguridade alimentaria, a hixiene dos pensos e alimentos, a calidade e os requisitos de composición, o etiquetado, a protección das indicacións xeográficas, das denominacións de orixe e da agricultura ecolóxica, así como os aspectos relacionados coa saúde e benestar dos animais e a sanidade vexetal.

O mesmo regulamento, no seu artigo 4, punto 3º, establece que, cando exista unha delegación ou descentralización de competencias para levar a cabo os controis oficiais nunha ou varias autoridades distintas da autoridade competente central, garantírase unha coordinación eficaz e efectiva entre todas as autoridades involucradas. Esta mesma esixencia é aplicable, segundo o punto 5º do mesmo artigo, no caso de que existan distintos departamentos ou unidades dunha mesma autoridade que son competentes para levar a cabo os controis oficiais da cadea alimentaria.

Así mesmo, a Decisión 2007/363/CE, da Comisión, do 21 de maio de 2007, que establece as directrices a aplicar nos plans nacionais de controis da cadea alimentaria, sinala a necesidade de garantir a coordinación efectiva das actividades e a cooperación nas autoridades competentes e entre elas, especialmente sobre as cuestións que requiren unha acción conxunta de diferentes servizos dunha autoridade competente ou de diversas autoridades competentes.

Na nosa Comunidade Autónoma, as competencias en aqueles ámbitos que poden ter incidencia no control da cadea alimentaria, atópanse repartidas entre diversos departamentos das Consellerías de Economía e Industria, do Medio Rural e do Mar, de Sanidade e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Esta dispersión, que se xustifica na especialización dos labores de control que cada departamento desenvolve, pode por en risco o correcto fluxo de información entre eles e, por iso, coa fin de lograr unha acaída adaptación dos estándares establecidos na normativa comunitaria, o presente decreto desenvolve un instrumento organizativo de coordinación das actividades que, no eido do control oficial da cadea alimentaria, levan a cabo distintos departamentos da Xunta de Galicia.

A Mesa de coordinación do control da cadea alimentaria que se crea a través deste decreto está chamada, así pois, a exercer un labor que se ten demostrado fundamental neste eido: o da comunicación de información relevante a tempo, así como o da acaída planificación, coordinación e supervisión das tarefas de control oficial ao longo de toda a cadea de produción, elaboración, distribución e venda dos produtos alimenticios. Tamén será un órgano de gran importancia á hora de establecer e unificar criterios interpretativos en relación coa aplicación da lexislación alimentaria. Deste xeito contribúese a consolidar a confianza dos consumidores nos controis na cadea alimentaria ao tempo que se evitan duplicidades de inspección nos produtores e operadores comerciais.

En atención a todo o anteriormente exposto, parece oportuno crear e regulamentar, na nosa Comunidade Autónoma, o funcionamento dun órgano que garanta unha coordinación eficaz e efectiva entre tódolos departamentos da Xunta involucrados no control oficial da cadea alimentaria.

Na súa virtude, a iniciativa dos/das conselleiros/as de Economía e Industria, do Medio Rural e do Mar, de Sanidade e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e por proposta do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día – de ----- de dous mil trece,

DISPOÑO

Artigo 1. Obxecto.

1. Polo presente decreto créase a Mesa de coordinación do control da cadea alimentaria.

2. A Mesa de coordinación do control da cadea alimentaria será o instrumento para garantir a intervención, en todas as fases da cadea alimentaria, dos dispositivos



de control oficial necesarios e impulsar a participación e coordinación interdepartamental na garantía do cumprimento da normativa alimentaria, incluíndo a información ao consumidor de acordo coa protección dos seus dereitos básicos.

Artigo 2. Composición.

1. A Mesa de Coordinación do control da cadea alimentaria estará composta por un membro que representará a cada unha das consellerías participantes, que serán nomeados previamente pola persoa titular de cada unha delas, a solicitude do titular da consellería que exerza a presidencia da Mesa.

2. As consellerías representadas na Mesa serán as que teñan as competencias en materia de control oficial da cadea alimentaria, tanto no eido da produción primaria como no das fases posteriores a esta, así como a que as teña en materia de defensa das persoas consumidoras e usuarias.

3. Os membros da Mesa poderán ser substituídos polos membros suplentes que se designen.

4. A Mesa contará cun presidente ou presidenta, nomeado/a por un período de dous anos entre os membros dela. A presidencia será rotatoria e recaerá entre as persoas representantes das consellerías competentes en materia de sanidade, agricultura e gandería, pesca e protección das persoas consumidoras. No primeiro ano a presidencia será exercida pola persoa representante da consellería competente en materia de sanidade. A posterior orde rotatoria será establecida por decisión da Mesa adoptada por unanimidade dos seus membros.

5. A consellería que ostente a presidencia da Mesa nomeará un representante que actuará como secretario/a.

Artigo 3. Funcións da Mesa

1. A Mesa de coordinación do control da cadea alimentaria terá as seguintes funcións:

- a) Planificar e coordinar o cumprimento dos obxectivos dos organismos executivos de control oficial, competentes nos diferentes ámbitos da cadea alimentaria e dependentes de diferentes departamentos da Xunta, todo iso de acordo coa lexislación vixente en cada momento.
- b) Acordar e realizar cantas comunicacións considere axeitadas para garantir o cumprimento da normativa en materia alimentaria.
- c) Propoñer a posición da Comunidade Autónoma de Galicia nas cuestións que, no eido do control da cadea alimentaria e da información ao consumidor de acordo coa protección dos seus dereitos básicos, sexan tratadas nos distintos órganos da Administración Xeral do Estado con competencia na materia, así como facilitar, impulsar e facer o seguimento da implementación en Galicia dos acordos adoptados por ditos órganos.
- d) Elaborar a proposta de Plan plurianual de control oficial da cadea alimentaria de Galicia, elevalo, a través da Consellería que exerza a presidencia da Mesa, ao Consello da Xunta para a súa aprobación, así como coordinar e avaliar a súa implementación e revisalo en aras da consecución dos seus obxectivos.
- e) Estudar e redactar, para a súa aprobación polo Consello da Xunta, o informe anual do Plan galego de control oficial da cadea alimentaria, e aquelas outras propostas que, tanto desde o punto de vista funcional como organizativo, poidan incidir nunha maior garantía dos dereitos dos cidadáns en relación coa cadea alimentaria e no relacionado coa información ás persoas consumidoras de acordo coa protección dos seus dereitos básicos.
- f) Acordar os contidos do informe anual de cara a dalo a coñecer á sociedade, ás persoas consumidoras e aos operadores comerciais da cadea alimentaria.



- g) Unificar criterios interpretativos en relación coa aplicación da lexislación alimentaria.
- h) Detectar necesidades formativas do persoal encargado do control oficial e promover accións para a súa formación.
- i) Calquera outra función relacionada co control da cadea alimentaria que lle sexa encomendada por acordo do Consello da Xunta.

Artigo 4. Funcionamento da Mesa.

1. A Mesa xuntarase, de xeito ordinario, unha vez cada dous meses, podendo ser convocada pola presidencia, de xeito extraordinario, cantas veces sexa necesario, por iniciativa propia ou por solicitude de calquera dos seus membros.

2. Por petición de calquera dos seus membros, poderase solicitar que asistan ás xuntanzas da comisión funcionarios, persoal facultativo ou técnico ao servizo das administracións públicas, así como persoas cunha acreditada traxectoria persoal ou profesional no eido do control da cadea alimentaria. Todas estas persoas que asistan á comisión, farano con voz pero sen voto.

3. Calquera dos membros, por decisión expresa ante a convocatoria dunha orden do dia pechada, poderá inhibirse da asistencia cando considere que os asuntos a debater non sexan da súa competencia. De igual xeito terá dereito a ser informado dos acordos acadados.

4. Sempre que o xulgue conveniente, a Mesa poderá establecer subcomisións ou grupos de traballo que teñan por finalidade a análise de temas ou actividades específicas, podendo designar como integrantes destas ás persoas que considere oportuno.

5. Os acordos da Mesa adoptaranse por unanimidade dos seus membros.



6. Para a válida constitución da Mesa, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a concorrencia do presidente e do secretario e, cando menos, da metade dos vogais.

7. De cada xuntanza será levantada acta, na que se reflectirán as cuestións sometidas a debate e os acordos acadados. Os acordos adoptados obrigarán ás partes constituíntes da Mesa.

8. En todo o non previsto no presente artigo estarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e polo disposto na sección terceira, capítulo primeiro, título primeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo

Facúltase ao titular da consellería competente en materia de administracións públicas para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do presente decreto en base aos acordos adoptados no ámbito da Mesa.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.